



## SUBGRUPO A1-TEMA 14-IGUALDADE-GALEGO

### TEMA 14- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

1. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos é un principio:

- a) Estatutario.
- b) Constitucional.
- c) Establecido nun decreto lei.

2. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) O Consello Galego das Mulleres.
- c) A Secretaría Xeral de Igualdade.

3. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas, é:

- a) Unha medida de acción positiva.
- b) Unha medida para erradicar prexuizos.
- c) Un principio de actuación.

4. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable ca outra en situación comparable defínese como:

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso moral por razón de xénero.

5. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo defínese como:

- a) Discriminación directa.
- b) Acoso moral por razón de xénero.
- c) Discriminación indirecta.



6. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva, defínese como:

- a) Acoso sexual.
- b) Acoso moral por razón de xénero.
- c) Discriminación directa.

7. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou co efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva, defínese como:

- a) Acoso moral por razón de xénero.
- b) Acoso sexual.
- c) Discriminación directa.

8. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para os efectos da presente norma, o concepto de discriminación non incluírá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual, así como calquera trato menos favorable baseado no rexeitamento de tal comportamento por parte dunha persoa ou o seu sometemento a este.
- b) O trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou co permiso por maternidade.
- c) A orde de discriminar persoas por razón da súa raza.

9. Segundo o disposto no artigo 3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, polo que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, e a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, a condición de que o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado:

- a) Non constituirá discriminación.
- b) Considerarase como unha discriminación indirecta.
- c) Considerarase acoso laboral.

10. Segundo o disposto no artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Non están previstas na lei.
- b) Considerarase discriminatorias.
- c) Son medidas de acción positiva.



11. Segundo o disposto no artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Manteranse indefinidamente.
- b) Manteranse mentres non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- c) Manteranse durante un prazo mínimo de 5 anos desde a entrada en vigor da presente lei.

12. Segundo o disposto no artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas pola Xunta de Galicia lévase a cabo en función do:

- a) Principio de transversalidade.
- b) Principio de coordinación.
- c) Principio de igualdade.

13. Segundo o disposto no artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en aplicación do principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades en todas as políticas da súa competencia, a Xunta de Galicia establece, entre outros, o seguinte criterio xeral de actuación:

- a) O fomento dunha participación desequilibrada das mulleres e homes na toma de decisións.
- b) A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación.
- c) A consecución da igualdade de oportunidades das mulleres e homes na política económica, laboral e social, salvo no suposto das diferenzas salariais por razón de sexo.

14. Segundo o disposto no artigo 6 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o órgano colexiado e institucional de Galicia, ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de seguimento da aplicación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e dos correspondentes plans para a igualdade de oportunidades e de loita contra a violencia de xénero denomínase:

- a) Comisión Autonómica de Igualdade.
- b) Consello Galego das Mulleres.
- c) Comisión Interdepartamental de Igualdade.

15. Segundo o disposto no artigo 6 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o órgano colexiado e institucional de Galicia, de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade denomínase:

- a) Comisión Autonómica de Igualdade.
- b) Consello Galego das Mulleres.
- c) Comisión Interdepartamental de Igualdade.



16. Segundo o disposto no artigo 6 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais corresponderá a:

- a) O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).
- b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

17. Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aos proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia achegárase o seguinte documento elaborado polo órgano competente en materia de igualdade:

- a) Informe sobre o seu impacto de xénero.
- b) Memoria xustificativa sobre o seu impacto de xénero.
- c) Memoria económica e xustificativa sobre o seu impacto de xénero.

18. Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o prazo no que a Xunta de Galicia deberá ditaminar, a requirimento do Parlamento de Galicia, antes da discusión parlamentaria, no caso de que non achegase o informe de impacto de xénero ou ben se se tratase dunha proposición de lei será de:

- a) 15 días hábiles.
- b) Tres meses.
- c) Un mes.

19. Segundo o disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o informe sobre o impacto de xénero emitido polo órgano competente en materia de igualdade para a elaboración dos regulamentos con repercusión en cuestións de xénero terá carácter:

- a) Facultativo e vinculante.
- b) Non vinculante.
- c) Vinculante.

20. Segundo o disposto no artigo 29 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a consellería competente en materia de traballo promoverá a revisión e a mellora da lista de cualificacións profesionais, incorporando a perspectiva de xénero a través do seguinte órgano:

- a) Instituto Galego das Cualificacións.
- b) Consello Galego de Relacións Laborais.
- c) Consello Galego das Mulleres.



21. Segundo o disposto no artigo 30 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a consellería competente en materia de traballo elaborará un documento único, coas actuacións programadas en relación coa política de emprego destinada a promover a inserción laboral efectiva das mulleres, que se denominará:

- a) Plan galego de igualdade laboral.
- b) Plan de emprego do Reino de España.
- c) Plan galego de emprego feminino.

22. Segundo o disposto no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no conxunto da oferta pública de emprego, tanto se se trata de acceso a emprego coma se se trata de promoción interna, a composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será:

- a) Proporcional.
- b) Paritaria.
- c) Por sorteo.

23. Segundo o disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese que existe infrarrepresentación nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega cando nestes exista unha diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes de polo menos:

- a) 20 puntos.
- b) 10 puntos.
- c) 5 puntos.

24. Segundo o disposto no artigo 52 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a igualdade de retribucións salariais e extrasalariais entre mulleres e homes no ámbito do emprego público baséase no principio de:

- a) Igual retribución por traballo de distinto valor.
- b) Distinta retribución por traballo de igual valor.
- c) Igual retribución por traballo de igual valor.

25. Segundo o disposto no artigo 56 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para previr o acoso sexual adoptárase, entre outras, a seguinte medida:

- a) A elaboración dun regulamento disciplinario.
- b) O establecemento dun procedemento informal de solución.
- c) O establecemento dun procedemento formal de solución.